

Boiro réndelle homenaxe ás coidadoras co pregón festivo

Ademais de raíñas das festas, as mulleres dese colectivo son protagonistas da revista 'Folía'

SUSO SOUTO
Boiro

A concellería de Cultura de Boiro, no marco das festas do verán, editou unha nova edición da revista *Folía*, que este ano homenaxea ás mulleres coidadoras, que foron nomeadas raíñas das festas deste ano e ofrecerán o pregón. Na presentación estiveron o alcalde, José Ramón Romero, e a concelleira de Cultura, María Outeiral, acompañadas dunha nutrida representación de dito colectivo.

Mercedes, Manola, Marina, Marta, Rosa ou Romina son algunhas desas mulleres

que coidan, unha figura que se pretende poñer en valor coa mencionada publicación e as grandes homenaxeadas nas festas do verán. Elas son enfermeiras, profesoras, traballadoras de centros de día ou de escolas infantís, ademais de nais ou avoas.

A revista deste ano editouse nun formato moi semellante ao das últimas edicións e nela recóllense fotos das festas estivais boirenses, o programa e textos de colaboracións de diversos temas asinados por Charo López, Moncho Ares, Antón Gallardo, Xosé Manuel Triñanes, Rita Sánchez Dosil, Estevo Silva,



A PUBLICACIÓN. O alcalde de Boiro, José Ramón Romero, dereita, e María Outeiral, de pé á dereita, coas mulleres coidadoras na presentación da revista municipal 'Folía'. Foto: C. de B.

Patricia Gao, Natalia Romero, Susana Mariño, Maite Mosconi e Luis Ferreirós.

Ademais, inclúense anuncios de empresas e comercios locais de todos aqueles negocios que sempre participan coa publicación e outros novos que abriron durante o último ano. Este patrocinio é gratuito para todas elas, xa que a revista está financiada integramente pola administración local como agradecemento a todas esas empresas locais nestes momentos difi-

ciles despois da COVID.

Por outra banda, a concellería organizou unha programación especial con motivo das festas do verán, con espectáculos para todas as idades e gustos e adaptada ás restricións actuais e normativa vixente para o control da situación epidemiolóxica.

A capacidade para todas as actuacións é limitada, xa que todas se van realizar co público sentado, lugares asignados previamente e control de acceso. O uso de máscara de

protección será obrigatorio en todo momento.

Os espectáculos son todos gratuítos e para asistir é precisa a reserva previa de entrada, que se pode facer a través dos formularios web dispoñibles en www.boiro.gal.

A programación nocturna divídese en dúas localizacións: unha na Praza da Terceira Idade, detrás do centro social de Boiro, e outra na Praza de Galicia, e nas dúas haberá actividades destinadas a públicos diferenciados.

CÓDIGOS QR

ATENCIÓN EN VARIOS IDIOMAS

••• A oficina de Turismo de Boiro retoma o horario de verán e, ata o 15 de setembro, estará aberta en horario de mañá e tarde e tamén durante a fin de semana. Dende o pasado xoves 1 e ata o 15 de setembro a oficina presta servizo de atención ao público de luns a venres en horario de 09.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.30 horas. As fins de semana estará aberta de 10.30 a 14.00 e de 17.00 a 20.00 horas.

••• Nos expositores non hai folletos e guías de información para evitar que sexan manipulados e, no seu lugar, habilitáronse códigos QR que as persoas usuarias poden escanear para ver no seu dispositivo móbil a información na que están interesados, en varias linguas, a través da web municipal.

PLANIFICACIÓN DE PROYECTOS

Nuestra oficina técnica realiza y dirige la gestión de planos y proyectos, las ofertas económicas, dirección de obra, revisión final de trabajos y confección de planos finales.

FONTANERÍA | TÉRMICAS | ELECTRICIDAD | GAS (CATEGORÍA A)
INSTALACIONES INDUSTRIALES | CONTRA-INCENDIOS

www.instalacionsherfer.es

Pol. Ind. de Espiñeira, P14 • Boiro - A Coruña | T. 981 849 971 | comercial@instalacionsherfer.es

INSTALACIONES
HERFER

FESTAS DE BOIRO 2021

Reserva de entradas en www.boiro.gal
A partir do xoves 24 ás 10.00 horas

Escenario principal. Praza de Galicia 22:30h

**Boiro Emerxe THE LÁKAZANS +
Artistas convidadas**
Venres 2 de xullo

GALLAECIA BIG BAND
Sábado 3 de xullo

GUADI GALEGO
Domingo 4 de xullo

FRAN SIEIRA compañía de danza
Luns 5 de xullo

BROKEN PEACH
Martes 6 de xullo

ORQUESTRA MARBELLA
Mércores 7 de xullo

Escenario local. Praza do Centro Social 21:30h

A COSTA NOSA concerto de rap
Venres 2 de xullo

COPA TURBO + PAINS J MIRROR
Sábado 3 de xullo

GRUPO AROÑA
Domingo 4 de xullo

NOITE COAS MUCHACHAS - FAUL
Luns 5 de xullo

ABELOURA
Martes 6 de xullo

XILBARBEIRA
Mércores 7 de xullo



+ Todos os días alborada e sesión vermú e domingo 4 fogos de artificio
+ Todos os días espectáculos infantís ás 12.00 horas no parque da Cachada



CONCELLO DE
BOIRO

www.boiro.gal

Gallaecia Big Band ou Broken Peach figuran no atractivo programa

The Lákazans, Agoraphobia e Lebedynski, con outros artistas e grupos locais, actúan esta noite

S.S.
Boiro

A programación das festas do verán de Boiro comeza este venres día 2 e vaise prolongar ata o mércores día 7. Conta con propostas durante o día e durante a noite. Todos os días pola mañá haberá alboradas polas rúas do municipio e sesión vermú ás 12.00 horas a cargo de grupos locais. Tamén pola mañá haberá programación infantil na carpa da Praza de Galicia, con espectáculos e representacións teatrais para os máis novos.

Xa máis polo miúdo, o programa abrirase este venres ás 20.00 horas coas salvas; ás 22.30, na Praza da Terceira Idade (detrás do centro social) terá lugar un concerto de rap cos artistas do colectivo A

Costa Nosa (Borja Treus, Kevin Domínguez, Adrián Outeiral, Lois Cespón e Xacobe Galbán); ás 22.30 na Praza de Galicia será o festival Boiro Emerxe, con The Lákazans, Sonia Lebedynski, Paula, Agoraphobia, Dolo e Pablo de Cachas and Cousins.

O sábado 3 ás 10.00 horas haberá alborada co grupo de gaitas Os Pequenos do Barbansa; ó mediodía, sesión vermú con Batucada Latexo e, na carpa da Praza de Galicia, teatro familiar con O Pallaso Fredy; ás 22.15, na Praza de Galicia, ofrecerán o pregón as representantes do colectivo de mulleres coidadoras; ás 22.30, na Praza da Terceira Idade, actuarán Copa Turbo e unha artista convidada en colaboración don DaRíaLuv; e ás 22.30 comezará na Praza

de Galicia a verbena con Gallaecia Big Band (co espectáculo *As cancións da nosa vida*).

O domingo 4, de novo alborada ás 10.00, neste caso co grupo de gaitas Arume; ó mediodía, sesión vermú con Nunca é Tarde e, na carpa da Praza de Galicia, teatro familiar co Mago Teto; ás 21.30, na Praza da Terceira Idade, celebrase un espectáculo de baile tradicional con Aroña; ás 22.30 horas a Praza de Galicia acollerá a actuación de Guadi Galego; e á medianoite será a gran tirada de fogos de artificio na praia de Barraña.

O luns 5 comezará cas alboradas do grupo de gaitas Arume; ó mediodía, sesión vermú con As da Boina e, na carpa da Praza de Galicia, teatro familiar con Teatro ao Cubo; ás 21.30, na Praza da Terceira



GRUPOS. Integrantes da banda Broken Peach, que actuará o martes 6 en Boiro. Foto: B. Peach

Guadi Galego subirase ó escenario da Praza de Galicia o domingo, e logo serán os fogos

Haberá cita coa danza de Fran Sieira o luns, e co baile tradicional de Abeloura, o martes

Idade a cita é con *Noite cas Muchachas*; e ás 22.30 na Praza de Galicia a compañía de danza Fran Sieira presenta o espectáculo *Entre os soños*.

O martes 6, alborada con Arume; sesión vermú ó mediodía con Adorniña de Abanqueiro e, na carpa da Praza de Galicia, teatro familiar con Aimar & Cia; ás 21.30 na Praza da Terceira Idade, espectáculo de baile tradicional con Abeloura; e ás 22.30 horas, na Praza de Galicia, verbena coa formación Broken Peach.

Xa a última xornada dos festexos, o mércores 7, Arume abrirá o día coa alborada; a charanga Vai de Baile actuará ás 12.00 horas, mentres que na carpa da Praza de Galicia haberá teatro familiar con Sempre Arriba; ás 21.00 horas, na praia de Barraña, de novo teatro infantil con Opera Breaks; ás 21.30 na Praza da Terceira Idade espectáculo de baile tradicional galego con Xilbarbeira; e ás 22.30 horas na Praza de Galicia, verbena coa orquestra Marbella.

Clínica del pie

BIOMECÁNICA | PODOLOGÍA | ESTUDIO DE LA MARCHA 3D
PLANTILLAS A MEDIDA | CIRURÍA DEL PIE
(CIRURÍA DE JUANETES - DEDOS EN GARRA O EN MARTILLO - UÑAS INCARNADAS)

SERVICIOS en BOIRO y PORTO DO SON

981 845 149 - 608 188 663
www.clinicadelpieoscarmayan.es

ÓSCAR MAYÁN

CONSULTA A DOMICILIO

NRS: C-15-003757



ConstruBoiro, s.l.
CONSTRUCCIONES Y
REFORMAS EN GENERAL
INFO@CONSTRUBOIRO.COM | WWW.CONSTRUBOIRO.COM

Lg. Graso, 57 - Abanqueiro • Boiro (A Coruña) • M. 610 574 571 • T. 981 847 684

comprarcasa.
MIRABEN

ZURICH
seguros@miraben.com

C/Robustiano Pérez del Río, 2
BOIRO • 981 849 821 • 677 501 505
www.miraben.com
mirabenboiro@miraben.com

Fernando
Casás
Iglesias
GERENTE



Alquiler
de bicicletas
eléctricas



aromatur
TURISMO GALICIA

INFO Y RESERVAS

www.aromaturgalicia.com
T. 981 849 930
M. 656 860 698
grupos@aromaturgalicia.com
BOIRO - C/ Pablo Iglesias, 21

Síguenos en:
f Aromatur Galicia
i aromaturgalicia

CÓDIGOS QR

As festas sempre en grupo.

Boiro, festas de verán 2021
Do 2 ao 7 de xullo



JJCHICOLINO

www.jjchicolino.com • www.egalsa.com • www.rotogal.com • www.oziona.es

O goberno local está a rematar as obras do singular inmoble boirense, símbolo do señorío que rexía no Barbanza // Trala actuación na vivenda principal, comezan a traballar nas edificacións auxiliares e sobre os seus posibles usos **TEXTO Brais Fdez.**

Pazo de Goiáns, rehabilitación para un referente patrimonial

Símbolo do señorío que entre os séculos XV e XIX rexía por boa parte do territorio da comarca do Barbanza, o importante pazo de Goiáns, en Boiro, está xa na última fase de rehabilitación. Este inmoble singular de gran valor patrimonial, declarado Ben de Interese Cultural, representará así un referente a nivel local e comarcal.

Situada xunto á desembocadura do río Coroño, esta edificación, construída pola familia dos Fandiño Gayoso a mediados do século XVI, posiblemente sobre unha torre defensiva anterior que foi destruída durante as Revoltas Irmandiñas, recuperará a súa esencia, a cal nunca debeu perder, como destacan dende o goberno local.

Non había interese en que o Pazo seguise en pé. Cando chegamos, collémolo con pinzas, polo que podemos afirmar que se non entra este Goberno o inmoble estaría no chan, porque as actuacións que se fixeran eran en contra do seu mantemento. O diñeiro estaba á disposición municipal dende finais de 2017, pero non se daban iniciado as obras e estaba para derruírse. Por iso, tivemos que chegar nós para realizar a obra, a cal estamos a piques de rematar", sentencia o alcalde José Ramón Romero García.



O pazo foi construído pola Familia Fandiño Gayoso no século XVI e conta cun recinto de 120.000 m². Foto: C.d.B.

O pazo trátase dun edificio en forma de "L", con cantería de granito e teito a dúas e tres augas. No seu interior destacan unhas escaleiras que soben por salas abovedadas ata chegar á parte superior da torre cadrada, tipo minarete, cun miradoiro balastrado. Os seus predios estaban amurallados e dis-

poñían de calabozos, mentres que as ventás son oxivais. Ademais, posúe cinco labras heráldicas das liñaxes que viviron no pazo.

O inmoble está rodeado dun complexo moi amplo, duns 120.000 metros cadrados, cun peche perimetral que data do século XVIII, en cuxo interior se atopa

a vivenda principal, a capela (a primeira databa de 1637), un pombal, un lagar, un embarcadoiro e unha pesqueira.

Dentro do mesmo, existen abundancia de edificios e construcións, uns complementarios e outros decorativos, ademais de pórticos, surtidores, hórreos, bodegas

e un xardín que descende ata a ribeira fluvial.

Neste senso, a UTE Proyecon Rebobén González, a cal está a levar a cabo os traballos, unha vez que actuou sobre a obra principal co diñeiro que había á disposición, comeza agora a tratar as edificacións auxiliares. Nestas últimas, o goberno boirense, indica o rexedor, xa ten pechado un acordo cunha Administración para que se faga cargo do arranxo da capela e do tellado anexo que a comunica co interior do Pazo.

Ante o avanzado estado do proxecto, creouse tamén unha comisión de expertos en diferentes materias, que lle está dando forma aos posibles usos. "Contamos con propostas moi interesantes e moi diferentes para que este emblema local se converta nun referente", destaca o alcalde.

Entre esas posibles utilizacións do inmoble estarán as visitas guiadas, para que tanto os visitantes foráneos coma a propia veciñanza poida coñecelo. Do mesmo xeito, adiantan, están a traballar para facer unha exposición na que se analice a evolución das obras do Pazo, mesmo con fotografías antigas do mesmo.

Como último paso, están agardando a ter rematado a obra para comezar cos trámites que lle permitan saír pola parte grande da Lista Roja de Hispania Nostra (a delegación española da prestixiosa institución da Unesco que vela pola protección e posta en valor do patrimonio cultural), xa que, como indican, co estado actual xa non procede esa clasificación.

Por outra banda, o concello de Boiro tamén ten avanzado a segunda rehabilitación do Centro de Interpretación de Meixón, co obxectivo de sacar adiante un proxecto de ampliación despois de moitos anos parado.



Grupo Outeiral

Autos R. Outeiral

BOIRO, A CORUÑA
Tel. 981 844 085
info@autosramonouteiral.com

F. Senin s.l.u

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel. 981 587 526
senin@autocaresfsenin.es

Felices fiestas

- SERVICIOS REGULARES Y DISCRECIONALES DE VIAJEROS
- CIRCUITOS NACIONALES E INTERNACIONALES
- VEHÍCULOS DE 16 A 63 PLAZAS

SERVICIO DE TAXI HASTA 6 PLAZAS Y ADAPTADO A P.M.R.



REALIZAMOS ANÁLISIS PARA COVID-19



MÁS INFORMACIÓN: 881 087 551 - 676470775 • Rúa Magdalena, 11 - Bajo 6 • Milladoiro

Pruebas rápidas de Antígeno, Serológicas y PCR.

Las pruebas de Antígeno son similares a la PCR pero con un coste menor (30 Euros), y los resultados se conocen en 15 minutos

Colaboramos con los prestigiosos laboratorios ABBOTT, y disponemos de todas las certificaciones requeridas por la Consellería de Sanidad de la Xunta de Galicia.

CALO'S

Materiales Almacén
de Construcción Goyanes - Boiro
Tel. 981 847 930



Ferralla Boiro
T. 981 846 893
Ferralla Noia
T. 981 822 702

ferrallacalosboiro@gmail.com